

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE VIVEIRO PARA O ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS VÍAS DE ACCESO Ó MIRADOIRO DO MONTE SAN ROQUE

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Viveiro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Viveiro para o acondicionamento e mellora das vías de acceso ó miradoiro do monte San Roque.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Segundo.- O Concello de Viveiro, no intento da posta en valor do patrimonio cultural existente e co fin de dalo a coñecer ás persoas visitantes e peregrinas que recibe, propón a execución de actuacións de recuperación e mantemento en correcto estado de conservación de diferentes bens de interese patrimonial, de xeito que as condicións nas que se atopen sexan acordes o medio onde se emprazan.

O concello pretende levar a cabo as actuacións necesarias para a mellora das vías municipais que dan acceso á Área Recreativa e miradoiro do monte de San Roque.

Viveiro, cidade histórica con máis de 900 anos de historia, rodeada polas belas paisaxes que lle confire a súa privilexiada localización no estuario do río Landro, situación que favoreceu o seu desenvolvemento como porto comercial. Hoxe é un núcleo turístico de referencia que conserva, nas súas recollidas prazas e empinadas rúas gremiais da cidade vella, monumentos de gran interese patrimonial, como a igrexa conventual de San Francisco, a igrexa románica de Santa María, o convento das Concepcionistas ou a Casa dos Leóns. Non menos interesante resulta a súa arquitectura popular na que destacan as casas con corredores, balconadas e galerías acristaladas que reflicten toda a súa fermosura no reflexo da ría.

Destacan tamén tres portas das seis que tivo o recinto amurallado: a da Vila, a do Valado, xunto á que se aprecia o lenzo de muralla mellor conservada, e a plateresca de Carlos V (s. XVI), situada fronte á ponte da Misericordia.

No seu tramo final o río Landro forma unha zona húmida con importantes valores ecolóxicos (englobada na Zona de Especial Conservación ZEC Río Landro), establecendo continuidade coa propia ría e fundíndose no mar Cantábrico, recortado e ventoso neste tramo. No alto, a capela de San Roque vixía o mar e serve de referencia ós mariñeiros.

O monte de San Roque é un dos grandes espazos de ocio dos viveirenses e visitantes. Situado a 353 metros de altitude, o seu miradoiro permite espectaculares vistas da contorna da ría de Viveiro, incluíndo o seu casco histórico, os portos de Viveiro e Celeiro, un dos máis importantes do norte de Galicia, a praia de Covas e os montes da comarca.



O miradoiro e a capela que se poden encontrar na área recreativa do monte San Roque é un atractivo turístico de gran relevancia para a cidade. Segundo datos da Oficina de Turismo, a maioría dos visitantes que acoden a Viveiro por primeira vez suben ó monte de San Roque.

Terceiro.- O Concello de Viveiro quere acometer a mellora dun dos accesos principais que da acceso ó miradoiro, no lugar de Pénjamo e As Nogueiras, co fin de facelos máis utilizables e seguros para peóns e vehículos. Con esta actuación preténdese ademais promover a economía local e fomentar o turismo desestacionalizado e sustentable.

Actualmente obsérvanse fochancas, erosión do chan, vexetación descontrolada, presenza de obstáculos naturais como raíces das árbores e falta de sinalización adecuada, o que pon en risco a peóns e ciclistas, ademais dos usuarios que transitan regularmente polas vías. Ademais as vías do presente proxecto, debido ó transcurso do tempo, posúen un firme e instalacións moi deteriorados, tanto polo tráfico soportado como pola carencia de sistema de evacuación de augas pluviais nas plataformas, que provocan arrastres importantes de material do firme.

Hai que indicar que un dos accesos principais, desde a estrada LU-102, conta a ambas marxes con árbores de gran porte que provocan unha limitación crítica de espazo que compromete a seguridade e funcionalidade do tránsito de vehículos.

Actualmente o ancho dispoñible na calzada é insuficiente para permitir o paso simultáneo de dous vehículos en sentido contrario. Esta situación provoca constantes problemas de tráfico, bloqueos de circulación e dificultades para o paso de vehículos de emerxencia ou transporte público.

As actuacións que se pretenden acometer divídense en dúas partes ben diferenciadas. Por un lado o acondicionamento das vías propiamente dito, coa substitución de todos os servizos e instalacións, xa que tanto os actuais servizo como a capa de rodaxe atópanse en moi mal estado. E por outra parte actuarase sobre os accesos peonís, intentando na medida do posible dotalos de maior continuidade para o uso dos peóns.

Polo miúdo, as obras que se realizarán son as seguintes:



1. Retirada de árbores

Retiraranse as árbores existentes a ambas marxes da vía na zona de acceso, para permitir a circulación de dous vehículos en distintas direccións e mellorar notablemente a recollida de auga de chuvia coa colocación de levadas de formigón. O criterio de eliminación das árbores responde a criterios técnicos de seguridade viaria e funcionalidade, xa que a súa presenza reduce a marxe de manobra ante situacións de emerxencia. Ademais algúns dos exemplares presentan signos de enfermidade, podremia ou debilitación estrutural, o cal incrementa o risco da caída de ramas ou da árbore completa durante condicións climáticas adversas. O proxecto implementa medidas compensatorias, como a plantación de árbores en zonas máis seguras, como o xardín existente nas inmediacións, con especies nativas e densidades adecuadas.

2. Movemento de terras e demolicións

Inclúense as obras necesarias para a retirada da sinalización existente, a escavación en gabias, pozos e arquetas. Demoleranse os pavimentos e os bordos necesarios, e faranse as catas necesarias para detectar servizos subterráneos.

3. Rede de saneamento

Substitución da rede de saneamento para dotala de máis eficiencia, incluíndo a substitución da canalización e a formación de novos pozos, así como a conexión á rede existente. A dita substitución está xustificada xa que a instalación ten máis de 30 anos e tanto os pozos como a canalización están en moi mal estado.

4. Instalación de rede de pluviais

Instalación de rede de evacuación de augas pluviais, formada por pozos de rexistro e canalización, así como a formación de sumidoiros sifónicos e levadas de formigón, co fin de evitar que a auga de escurredura deteriore a vía.

5. Reposición rede de abastecemento

Reposición da rede de abastecemento, dotación de novas tubaxes, arquetas e chaves de



corte correspondentes. Tamén se contempla a dotación de novas bocas de rego e hidrantes.

6. Pavimentos e soleiras

As soleiras realizaranse en formigón. Colocarase pavimento podotáctil nos lugares correspondentes, formarase beirarrúas mediante soleira de formigón lavado na zona de acceso ás vivendas para dotalas de maior accesibilidade. Procederase á reposición do firme da zona de rodaxe mediante aglomerado en quente, e tamén á reposición dos pavimentos que se poidan danar durante o desenvolvemento das obras.

7. Sinalización

Recolocarase a sinalización vertical existente na zona de actuación e dotarase de nova sinalización horizontal.

8. Varios

Realizarase a plantación de árbores para compensar a retirada dos existentes nas vías de acceso. Colocarase así mesmo unha varanda.

Con estas actuacións quérese potenciar un elemento patrimonial do concello, favorecendo o uso e goce do entorno por parte de veciños e visitantes, revalorizando o patrimonio e fomentando o turismo patrimonial como un instrumento de reequilibrio territorial, o que supón a posta en valor turístico da citada infraestrutura.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Viveiro unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos



contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

